Visto que de conformidade co disposto no artigo 179.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o órgano competente para á aprobación do expediente de modificación de crédito é o Pleno.

Visto o anterior, propónse que o Pleno adopte o seguinte acordo.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 22/14, na modalidade de Transferencia de crédito 1/2014 entre aplicacións pertencentes a diferentes áreas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 357.631,63€.

De acordo co seguinte detalle:

a) Partidas que ceden crédito

Partida	Destino	Crédito que se cede
9430.46300	Transferencia á Mancomunidade do Morrazo	357.631,63

b) Partidas que reciben crédito

Partida	Destino	Crédito que se recibe
1620.22700	Servizo tratamento de residuos	357.631,63

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales quen estea interesado poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Moaña, 13 de outubro de 2014
O Alcalde. José Fervenza Costas»

➤ Dona Marta Freire toma a palabra, e indica que o PSOE se abstivo naquel Pleno e dixemos o que podía pasar e os únicos responsables son vostedes. Non trouxeron orzamentos e non o imos apoiar.

➤ Don Xosé Manuel Millán indica que o BNG dixo na Mancomunidade e neste Pleno que facían unha chapuza e seguiron todos adiante. A modalidade de pago é un desbaraxuste. Cada Concello o fixo e Moaña non dotou de crédito, foi un contrato sen crédito orzamentario. Pero Moaña fixo contrato con Sogama e non ten crédito. A competencia de residuos sólidos urbanos foi concedida á

Mancomunidade pero non se aprobou e non recuperamos a competencia, e pagamos unhas facturas que son de pago directo a Sogama. O BNG di que á Mancomunidade se lle debe dotar de competencias no lixo, e o PP leva torpedeando iso desde que Louzán inventou ese organismo para xestionar o lixo de toda a provincia sen que fixeran nada. Queren cargarse a Mancomunidade do Morrazo. Non nos cae simpática Sogama que queiman o lixo e o levan a Somozas, non ten sentido, e despois o queiman e non se selecciona e xuntan todo e quéimano todo. Subiron o canon aos Concellos que era inxustificada e o conselleiro dixo que ía reducir as facturas nos concellos. Rúbannos durante un ano. E falan de beneficio de 5 millóns de euros e son para Fenosa. Pensamos que as obrigacións do Alcalde son obrigas para o Concello. Imos permitir ese cambio de transferencia, esperamos que non os reparta por outras partidas. Son para aprobar as facturas de Sogama, non lle dará para todas. É pola nosa parte un sentido de responsabilidade.

➤ Dona Rosa Solla agradece o apoio de BNG a este punto da modificación.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por quince votos a favor, os do Partido Popular e BNG, e dous en contra, os PS de G-PSOE, acordan:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 22/14, na modalidade de Transferencia de crédito 1/2014 entre aplicacións pertencentes a diferentes areas de gasto e que non afectan a aplicacións de persoal, por importe acumulado de 357.631,63€.

De acordo co seguinte detalle:

a) Partidas que ceden crédito

Partida	Destino	Crédito que se cede
9430.46300	Transferencia á Mancomunidade do Morrazo	357.631,63

b) Partidas que reciben crédito

Partida	Destino	Crédito que se recibe
1620.22700	Servizo tratamento de residuos	357.631,63

SEGUNDO. Expoñer este expediente ao público mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, por quince días, durante os cales quen estea interesado poderá examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

7º.- MOCIÓN DO BNG PARA A CONDONACIÓN DAS DÉBEDAS DOS MONTES CONSORCIADOS E CONVENIADOS

➤ Don Odilo Barreiro, toma a palabra e indica (achega copia da súa intervención para a súa constancia na acta):

A moción que presenta o BNG ten por finalidade evitar un desatino contra un dos sinais de identidade do noso país, que se producirá, se non lle pomos remedio, en agosto de 2016.

Un atropelo contra as comunidades de montes de todo o país, e contra un dos factores de máis valor económico e ambiental do noso territorio: o monte. Un monte que todos e todas debemos preservar coma usufrutuarios actuais para legarlllo nas mellores condicións aos nosos descendentes.

Para enmarcar a defensa desta moción cómpre lembrar que ao longo do territorio galego, un terzo da súa superficie está ocupada polos montes en man común. Uns montes veciñais que, aparte das súas funcións económica e ambiental propias, teñen unha función social importantísima. Xa que unha parte elevada dos orzamentos das comunidades de montes destínase á mellora do propio monte (o que beneficia á sociedade no seu conxunto); e outra dedícase a obras de carácter social, comunitario e actividades socioculturais, que repercuten directamente na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas da parroquia ou concello en cuestión.

Pero ademais estes montes en man común, están xestionados democraticamente polas arredor de 3.000 comunidades de montes espalladas ao longo e ancho do país. E que representan a aproximadamente 250.000 veciños e veciñas.

Pois ben, a pesares de todo o que acabamos de dicir, o goberno galego do Partido Popular, promulga en xullo de 2012 unha lei de Montes de Galiza que foi amplamente rexeitada no Consello Forestal de Galicia polas propias comunidades de montes, polas asociacións ecoloxistas, polo sindicato labrego galego e mesmo con chamadas de atención do propio Consello Económico e Social.

Por certo unha lei tramitada pola vía de urxencia, en pleno verán e con escasos 20 días de período de alegacións. Esta lei, a lei 7/2012 do 28 de xuño, establece na súa DISPOSICIÓN TRANSITORIA NOVENA que aquelas comunidades de montes con montes veciñais conveniados ou consorciados que manteñan débedas coa administración, se non pagan antes de agosto de 2016 ESTARÍAN OBRIGADAS A ASINAREN UN CONTRATO DE XESTIÓN CUNHA EMPRESA FORESTAL PRIVADA.

Algo totalmente inxusto e inaudito, se temos en conta o seguinte:

Primeiro, esas débedas son inxustas xa que parten dun roubo perpetrado contra a veciñanza comuneira polo réxime franquista. Un réxime golpista e ditatorial, que lle usurpou os montes para llelos entregar a diversas administracións (ICONA e demais). E cando foron devoltos ás comunidades, as delegacións provinciais presentaron unhas supostas contas con débedas polos custes das repoboacións realizadas.

Segundo, esas débedas supostas e falsas, posúen erros contables que van sempre en contra das comunidades de montes afectadas e son presentadas sen xustificación contable algunha.

Terceiro, a propia contabilidade dos convenios tamén é polémica, ao acusar as comunidades á Consellaría de ocultarlla repetidamente e non presentar nunca os balances completos. E van máis alá ao denunciar o escurantismo da xestión que realizan os Servizos de Montes que non lles facilitan copia da documentación xerada: actas, plans de traballo, informes, facturas...

E cuarto, e non menos importante, NON HAI NINGUNHA RAZÓN LEGAL, XURÍDICA OU TÉCNICA PARA NON CONDONAR ESAS SUPOSTAS DÉBEDAS FALSAS QUE TEÑEN OS MONTES VECIÑAIS CONVENIADOS OU CONSORCIADOS.

Porque neste caso non lles vale aos señores do Partido Popular buscar un impedimento de rango superior en Madrid ou Bruxelas que non permita esa condonación. É máis, a propia Lei de Montes do Estado, unha lei marco que procede do texto refundido de dúas leis, (a lei 43/2003, do 21 de novembro; e a lei 10/2006, do 28 de abril) establece moi claramente na súa disposición adicional primeira o seguinte, e vanme permitir que llo lea directamente:

Disposición adicional primera. Consorcios y convenios de repoblación.

1. Los consorcios y convenios de repoblación amparados por la legislación que se deroga en la disposición derogatoria única de esta ley continuarán vigentes hasta la fecha de su finalización.

2. Sin perjuicio de lo dispuesto en el apartado anterior, las comunidades autónomas podrán sustituir los consorcios y convenios de repoblación suscritos entre la administración forestal y los propietarios de montes por otras figuras contractuales en las que no sería exigible una compensación económica a favor de la Administración o condonar su deuda, siempre que se cuente con el acuerdo de los propietarios y que concurra alguna de las siguientes condiciones:

a) Los beneficios indirectos y el interés social que genere el mantenimiento de la cubierta vegetal superen los de las rentas directas del monte.

b) El propietario del suelo se comprometa a conservar adecuadamente la masa forestal creada por aquellos consorcios o convenios mediante la aplicación de un instrumento de gestión.

c) Aquellas otras que fije la comunidad autónoma.

É dicir, que lle concede plena liberdade ao goberno galego, e ao das outras nazóns e comunidades autónomas, para condonar a débeda, repito, inxusta e falsa, que manteñen coa administración as comunidades con montes conveniados ou consorciados.

Pero claro, co Sr. Feijoo ao mando, e a consellaría de Medio Rural e Mar executando, non o van facer. Non lle van condonar as supostas débedas ás comunidades de montes porque o obxectivo político é claro e conciso: arrincarlle 300.000 hectáreas de terra á veciñanza comuneira para llelas entregar de balde ás empresas forestais privadas. Ou senón para que ían crear as famosas SOFOR (sociedades de fomento forestal), ou que lle ían dicir ao consello de administración de ENCE, onde por certo se senta a ex ministra do PP Isabel Tocino, que quere todo o monte galego a súa disposición para transformalo nun monocultivo de eucalipto. E claro, andan polo medio esas comunidades de

montes fastidiando todo con plantíos de frondosas: carballos, castiñeiros, etc. que non lles vale. Así que a por elas.

Pero isto, este feito de roubarlle á veciñanza para regalar ás empresas privadas, non é unha novidade. Lévaos facendo o PP na Galiza en todos os gobernos sucesivos.

Primeiro entregoulle o territorio a FENOSA para que se fixese dona de todos os cursos de auga explotables para que instalase minicentraís eléctricas en moitos ríos galegos, pondo en perigo o seu equilibrio medioambiental.

Despois o goberno de Feijoo mudou o Decreto Eólico (que establecía que eran os comeneiros e comeneiras os que decidían nas súas asembleas se querían nos seus montes un parque eólico ou non), por unha lei de aproveitamento eólico que lexisla que son as empresas as que deciden onde instalan os parques eólicos que queren explotar (algo que denunciaba o noso grupo no pleno pasado co caso da instalación do parque eólico Pedras Negras nos montes do Morrazo, malia o rexeitamento maioritario da veciñanza).

E agora, rematan por espoliar o territorio roubándolle a man armada o monte comunal aos veciños e veciñas para lle lo entregar ás empresas privadas amigas.

E o que teñen que saber todos os veciños e veciñas e que se isto sae adiante os que imos perder somos todos e todas. Xa que a xestión privada dos montes en man común non estará obrigada por lei a investir o 40% dos ingresos na mellora do monte. E moito menos a investir de xeito voluntario en obras de carácter social e comunitario (enténdase comunidades de auga, centros socioculturais, asfaltado de camiños, zonas de lecer...) ou en actividades socio culturais como grupos musicais, teatro, bandas de música, grupos de baile, etc. Algo que si fan as Comunidades de Montes que xestionan o monte de man común.

Resumindo, por mor dunha decisión política inxusta, todo isto repercutirá negativamente na calidade de vida de galegos e galegas.

E por que trae o BNG neste momento, esta moción ao pleno. Pois por dúas razóns ben claras:

* Porque é o momento de pór lle remedio a semellante desatino, a través da inclusión dunha partida orzamentaria nos orzamentos da Xunta de Galiza para o ano 2015, e que acabamos de coñecer. É o momento de emendar os orzamentos e, polo tanto, é o momento de anular a débeda.

* E ademais, porque a Organización Galega de Comunidades de Montes ten convocada unha manifestación en Compostela o 22 de novembro para exixir a reparación de semellante desatino. E esta mobilización debe ser apoiada por todos aqueles que consideramos que o monte comunal é un ben común que só debe estar administrado polas comunidades de montes para garantir o seu futuro sostíbel.

Polo tanto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

A continuación don Odilo Barreiro dá lectura á moción que literalmente di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A CONDONACIÓN DAS DÉBEDAS DOS MONTES CONSORCIADOS E CONVENIADOS

Os montes veciñais en man común ocupan 1/3 do territorio galego (sobre 650.000 hectáreas). Están xestionados democraticamente por unhas 3.000 comunidades de montes, que conforman un censo de aproximadamente 250.000 veciños e veciñas comeneiros. Son, ademais, un sinal de identidade da nosa nación.

Os montes veciñais en man común cumpren as funcións sociais, económicas e ambientais que todo monte debe cumprir. Unha parte considerábel dos orzamentos das comunidades de montes destínase á mellora do propio monte (o que beneficia a sociedade no seu conxunto) e outra parte dedícase a obras de carácter social, comunitario e a actividades socioculturais (o que repercute na mellora da calidade de vida dos habitantes dos concellos).

A Lei de montes de Galiza actualmente vixente (Lei 7/2012, do 28 de xuño, na su Disposición transitoria novena dita que se no mes de agosto do ano 2016 as comunidades de montes que teñen os seus montes veciñais consorciados ou conveniados non pagan o saldo debedor que teñen están obrigadas a asinaren un contrato de xestión con unha empresa forestal privada.

As débedas (supostas e falsas) que teñen as comunidades de montes consorciadas ou conveniadas,

para alén de teren erros contábeis (sempre en contra das comunidades de montes), son inxustas xa que parten dun roubo que parte de cando o réxime franquista lle usurpou os montes veciñais á veciñanza comuneira para llelos entregar a diversas administracións públicas.

Non hai ningunha razón legal, xurídica e técnica, para non condonar as débedas (supostas e falsas) que teñen os montes veciñais consorciados e/ou conveniados. A Lei de montes do Estado (Lei 43/2003, do 21 de novembro, modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril), que é unha lei marco, na súa Disposición adicional primeira, permite a condonación das débedas dos montes consorciados e/ou conveniados sempre que o titular da terra se comprometa a xestionala mediante un instrumento de xestión.

O feito da Consellería de Medio Rural e do Mar optan por non condonar as débedas dos montes veciñais consorciados e/ou conveniados ten un claro obxectivo político: arrancarlle 300.000 hectáreas de terra á veciñanza comuneira para llelas entregar de balde a empresas forestais privadas. Esta xestión privada dos montes veciñais en man común non estará obrigada por lei a investir o 40% dos ingresos na mellora do monte e moito menos a investir de xeito voluntario en obras de carácter social e comunitario (traídas de auga, centros socioculturais, asfaltado de camiños, zonas de lecer...) e en actividades socioculturais (grupos musicais, teatro, bandas de música, grupos de baile ...), o que repercutirá negativamente na calidade de vida de galegas e galegos.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

1. Instar á Consellería do Medio Rural e do Mar a que nos orzamentos xerais da Xunta de Galiza para o ano 2015 se dote dunha partida orzamentaria para a condonación das débedas dos montes consorciados e/ou conveniados.

2. Apoiar a manifestación que co lema “condonación das débedas dos consorcios e dos convenios” e convocada pola Orgaccmm terá lugar o día 22 de novembro de 2014 en Santiago de Compostela.»

➤ Dona Susana Varela toma a palabra, e indica que hai parágrafos da moción á que dá lectura e di que é falso que teña que facerse cunha empresa privada. Fala de contrato de “xestión pública”. Dá lectura á DT 9ª da lei. Non é certo que se vaia dar a mans privadas, fálase de contrato de xestión pública. A débeda habería que cuantificala, non todas as CMVMC teñen débedas e non se lles comunicou a débeda. Ofrécese unha contabilización de ingresos e gastos. Di que é falso que se lles vaia sacar a propiedade aos veciños, son bens inembargables e imprescritibles. Non se lle saca a ninguén. A Comunidade pode decidir como xestionar o monte. Non se di nada, hai que reinvestir no monte. Parécelle inxusto porque moitas CMVMC aboaron a súa débeda, tiveron a oportunidade de condonar a débeda e non o fixeron. Só se lle priva de axudas, e subvencións e outras CMVMC nin pagan. A outras empresas no se lle condonan débedas.

➤ Don Odilo Barreiro indica que non falo de retirar propiedades. Non se lle quita propiedade pero fala de facer cunha empresa de xestión privada. Dá lectura ao apartado da DT 9ª que fala de empresas privadas. Poñedes xestión pública, pero tamén se fala de terceiras persoas físicas ou xurídicas, e abre a porta a “empresas privadas”. A lei non di que unha empresa privada invista o 40%, non topades argumentos de peso, a Asociación Galega de CMVMC di que hai erros e non teñen soporte contable e que non presentan balances completos. Vós tedes intereses en que as empresas privadas se fagan coa xestión do monte. As nosas CMCMC son un exemplo de xestión.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación por nove votos a favor, os do BNG e PS de G-PSOE, e oito en contra, os P P, acordan:

1. Instar a Consellería do Medio Rural e do Mar a que nos orzamentos xerais da Xunta de Galiza para o ano 2015 se dote dunha partida orzamentaria para a condonación das débedas dos montes consorciados e/ou conveniados.

2. Apoiar a manifestación que co lema “condonación das débedas dos consorcios e dos convenios” e

convocada pola Orgacmm terá lugar o día 22 de novembro de 2014 en Santiago de Compostela.

8º.- MOCIÓN DO BNG CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

➤ Dona María Martínez toma a palabra e indica (achega copia da súa intervención para a súa constancia na acta):

A violencia machista ten unas características que a diferencian do resto das agresións, non pretende só ferir, senón, sobre todo, dominar e nace da desigualdade e da idea de dominio do home.

Esta violencia non son só golpes, tamén inclúe ameazas, descualificacións, abuso verbal e emocional e control da muller.

É violencia machista:

-Que os responsables políticos fagan declaracións nas que nos insultan e menosprezan e que iso non teña ningunha consecuencia.

-Manifestar que unha muller en idade fértil ten maior absentismo laboral ca un home.

-Empregar linguaxe ou imaxes sexistas nas campañas publicitarias e incluso patrocinadas dende os concellos.

-E como non, a actitude paternalista que se exerce cando ás mulleres se nos desposúe do poder de decisión sobre os nosos corpos.

No que levamos de ano morreron en Galiza sete mulleres como consecuencia da violencia, máis do dobre das que foron asasinadas o ano pasado. Existe unha lei galega do ano 2007 onde se recollen medidas concretas que o PP está a ignorar, cando é urxente que se desenvolva e se dote de orzamento, programas e recursos.

É un feito que cando un goberno non cre na igualdade, os casos de violencia machista medran!

O orzamento en igualdade diminúe cada ano en 25 millóns de euros. Súmanse os recortes en: dependencia, ensino, sanidade, servizos sociais...

Actualmente só chegan a un 30% as mulleres que, sendo obxecto dunha orde de protección, cobran a prestación que lles debía corresponder. Un feito gravísimo sabendo que a independencia económica é un elemento fundamental para que as mulleres agredidas poidan afastárense dos seus agresores e denuncialos.

Outro dos ámbitos onde tamén urxe o investimento é o ensino. As enquisas alertan de que un 35% dos mozos e mozas consideran que as mulleres que sofren maltrato é porque o consenten e aceptan o maltrato de control. Pois ben, non sabemos onde o espírito da LOMCE contempla abordar a defensa dos dereitos das mulleres.

Cando se teñen responsabilidades de goberno, non é suficiente poñer un lazo violeta o 25 de novembro, nin abundan os minutos de silencio (como diría a responsable da comisión de mulleres do BNG do Morrazo, Iria Aboi)

É imprescindible e urxente que quen goberna entenda que o machismo mata! Por isto o grupo municipal do BNG trae hoxe esta moción ao pleno da corporación:

A continuación dona María Martínez dá lectura á moción que literalmente di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría Xeral de Igualdade facía público o Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galiza, que esta xulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia

necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos de vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer as vítimas da violencia machista e as/aos menores o seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa educa verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, a Corporación municipal

ACORDA:

1. Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando incompatibilidade de cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

- A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumprisen.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e esixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.»

➤ Don Vicente Verdeal toma a palabra e indica que no grupo de Goberno estamos sensibilizados e facemos mesas de traballo para loitar contra a violencia de xénero. Reitera que estamos sensibilizados. O día 25 de novembro imos facer un traballo para erradicar esta lacra e a formula é entre todos, os colectivos e grupos municipais.

➤ Dona Marta Freire indica que o PSOE apoia. Non pode ser a loita un só día, ten que ser unha loita diaria. Gustaríalle que nesa loita deben ser exemplares. Non se deben facer recortes en igualdade e ser consecuentes coas accións.

➤ Dona María Martínez di que non sexa só un día ao ano e que sexa consecvente e que os acordos os asuman.

Sometido o tema a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos dezasete membros que a compoñen, acordan:

1. Trasladarlle á Xunta de Galicia o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, de xeito que se recolla, como mínimo:

- A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando incompatibilidade de cobro desta axuda no caso de se beneficiar con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

- A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

- A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

- A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogables até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumpriren.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e esixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Diseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se producen.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr. Alcalde acorda rematar a sesión ás 21:45 horas co que se dá por terminado o acto, redactándose a presente acta que asina o Sr. Alcalde-Presidente, comigo secretario, de todo o cal eu dou fe.

Vtº E PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO

